

Nélida Piñón, a ponte do Atlántico

A súa historia coa literatura é un romance fiel e frutífero que celebra 60 anos de historia

••• MALORES VILLANUEVA

Narrar é unha proba de amor, aínda que o relato sexa cruel, afirma Nélida Piñón, que leva sesenta anos entregada á literatura. A súa historia coas letras é a dun romance fiel e frutífero desde 1961. Xa dende cativa se sentía escritora e pedíalle a seu pai que o indicase cando tiñan que encher algún formulario cos seus datos. Nunca soubo se accedía á petición, pero alentaba o soño da pequena mercándolle os primeiros relatos.

Naceu no Brasil, pero toda a familia procedía de Cotobade, polo que aprendeu costumes e crenzas do outro lado do Atlántico e soubo da morriña a través das cartas nas que seu pai buscaba o arrecendo da terra. Con dez anos emprenderon a viaxe de regreso, deixaba unha cidade de cores e calor e atopábase coa néboa do inverno galego e o negro das roupas das mulleres que a agardaban no peirao. Aquela imaxe causou unha forte impresión nela. Para chegar a Borela cómpre cruzar unha pequena ponte medieval e ao outro lado está a capela e a aldea. Naque-

la visión completou o seu corazón, adoitara dicir Nélida, porque alí naceu o amor a Galicia. Aqueles dous anos sentiu vivir no medievo, pero descubriu a fantasía e a liberdade máis absoluta. Seu pai regaloulle unha navalla e un cinto de coiro cunha bolsa onde levaba pan de centeo, xamón, chourizo e unha mazá para acompañar á avoa ao monte. O Pé da Múa para ela era como o Annapurna e aquela vida campesina, tan diferente á de Rio, impregnou nela. Sóbouse mestiza e entendeu o avó Daniel, que só con trece anos deixou todo o coñecido e marchou ao Brasil, expulsado dun país na procura dun futuro mellor. Nélida Piñón sóbouse debedora dese pasado e construíu *A república dos sonhos*, a gran epopea da emigración galega, publicada aquí por Galaxia.

A escritora é un exemplo de profesionalización literaria nunha época en que o simple feito de ser muller supuña ter que vencer moitos obstáculos. Por iso sempre se proclamou feminista e renegou de tutelas literarias. Nélida deulle voz ás mulleres na súa obra, como a *Marta n'A casa da paixón*, que esperta á sexualidade nunha sociedade que reprime a muller. Tamén nos relatos *A camisa do marido* hai unha



ILUSTRACIÓN: PILAR CANICOBIA

crítica ao patriarcado. A súa axente literaria, Carmen Balcells, abriulle a porta a Europa e viviu en Barcelona un tempo a carón dos autores do «boom latinoamericano». Foi tamén a primeira muller en presidir a Academia Brasileira de Letras, pero ocupou a cadeira pouco tempo porque nunca lle interesaron os cargos, ela quería viaxar, ser libre.

É a grande escritora brasileira, recentemente recibiu o Gran Premio do Pen Club Brasil pola súa última novela, *Um dia chegarei a Sagres*, anteriormente o Juan Rulfo de Literatura Latinoamericana ou o Príncipe de Asturias das Letras,

entre moitísimos máis recoñecementos.

«Tenho apetite de almas», así comezaba a súa primeira novela e, por fortuna, nunca saciou a curiosidade. Na súa obra destaca o peso da memoria, dos mitos, da tradición clásica, e o diálogo entre a modernidade e a tradición. Nélida Piñón é unha autora universal con parte do corazón galego. Unha muller de voz firme, como as súas ideas, alegre, apaixonada, intelixente, aventureira, podería camiñar cara a Estocolmo, pero o seu interese sempre está máis próximo. Sesenta anos dun imaxinario poderoso que, en parte, é tamén noso.

Ex umbra in solem Ramón Nicolás

UN BESTIARIO DIVERTIDO

Se cadra, no medio e medio da avalancha de publicacións que se acugulaban nos andeis das librerías e os espazos de compra virtual, pasou un tanto desapercibida a última proposta de Carlos López, titulada *Bichería*. Teño para min que a escrita fresca, retranqueira e de fondo humanístico deste integrante do dúo de humor gráfico Pinto & Chinto sempre me pareceu merecente dunha maior atención.

Modernízase e tinguése con este libro, sen esquecer un acompañamento humorístico, a tradición dos bestiarios, tan rica entre nós desde o medievo ata outras propostas máis contemporáneas, coa ollada posta nas xeracións máis novas de lectores aínda que non só, pois *Bichería* é quen de satisfacer diferentes expectativas. Nel hai un convite explícito a ler un exercicio de fabulación marcado polo enxeño e a fantasía —extraordinariamente acompañado pola

interpretación plástica dun grande como é Xan López Domínguez— que se inspira en case cincuenta insectos, paxaros, peixes, réptiles e felinos, entre outras categorías, que se humanizan e ofrecen unha lectura simbólica tratada sempre cunha recorrente visión que repara nalgún aspecto vinculado coa orixe do animal ou nalgún comportamento específico, as máis das veces sorprendentes ou estrafalario, que vai da man —ou non— do imaxinario que construímos ou que nos construíron, talvez tamén para miralos con outra perspectiva.

A organización narrativa, disposta a xeito de microrelatos, converte esta proposta nun libro ideal para ilo gorentando aos poucos no ronsel, por certo, daquilo que Ánxel Fole nos aprende respecto de que un relato bo, cando se le, ten que parecer que nolo contan oralmente. Así ocorre cos que forman parte deste *Bichería*.



«BICHERÍA»

Neste libro modernízase a rica tradición dos bestiarios e ofrécese un convite explícito á fabulación e á fantasía

CARLOS LÓPEZ
••• EDITORIAL XERAIS PÁXINAS 56 PREZO 15

Lecturas na xanela Miguel Mato Fondo

A METÁFORA DUN PAÍS DESOLADO

Falamos nesta columna doutra obra de Cartarescu, mais *Solenoides* é a novela monumental na que o autor chega ao cimo da visión dramática e amarga dunha sociedade en descomposición, sen esperanza, resignada na súa miseria, que temos sinalado en *El ojo castaño de nuestro amor*.

Solenoides é a metáfora dun país desolado, a casa mercada polo protagonista nun barrio desolado, onde todo semella en descomposición e abandono, como un telón vello no triste remate dunha obra dramática. É a visión do narrador, profesor sen vocación nin ilusión, nun colexio miserabel, onde os alumnos alimentan a violencia e a xenreira en aulas esnaquizadas, e os profesores roman a súa frustración, o esmagador sentimento de derrota, entre a indiferenza e o temor a un director autoritario e rancoroso. A novela, deste xeito, mostra a terrible e desoladora realidade

de dunha cidade, Bucarest, da que é metáfora o mesmo centro académico onde se move o narrador. A teor disto, foi sinalado pola crítica o retrato que o autor fai do seu país baixo o réxime ditatorial de Ceausescu, e nós témolo sinalado tamén nun anterior artigo sobre outra obra.

Non sei se poderemos falar de literatura da desolación, como se ten falado do absurdo kafkiano, mais o kafkiano, por absurdo e ausencia de ningún sentido, o laocontiano, desde a literatura da angustia, achan lugar nesta novela e enviannos unha conmovedora mensaxe. Como di o narrador: eran tempos terribles e nas tendas só se podían encontrar frascos nos que boiaban unhas verduras lívidas. Tempos de agardar quenda en amencerescuros e fríos.

Solenoides é un libro de libros. Acaso o espazo máis benevolente da obra son as referencias a bibliotecas e a libros. Para quedar.



«SOLENOIDE»

Está, lector, ante a obra cumio de Cartarescu, novela monumental con ecos de Pynchon, Borges, Swift ou Kafka

MIRCEA CARTARESCU
••• EDITORIAL IMPEDIMENTA PÁXINAS 800 PREZO 28